

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO CORPORATIVO MUNICIPAL O DÍA TRES DE OUTUBRO DE DOUS MIL DEZANOVE.

En Paradela, a tres de outubro de 2019, por traslado de data da sesión que debeu celebrarse o 26 de setembro de 2019 a petición da Secretaría-Intervención e aceptación unánime dos Concelleiros que conforman a Corporación.

No Salón de Sesións da Casa Consistorial, sendo as trece horas e cinco minutos, réunese en primeira convocatoria a Corporación Municipal en Sesión ordinaria, baixo a Presidencia do Alcalde, D. José Manuel Mato Díaz e coa asistencia dos Srs. Concelleiros.

- D. Roberto Díaz Luaces
- D. Iván Castro Díaz
- D^a. Sara Arias López
- D^a M^a Montserrat Mulet Sar
- D. Adrián Fernández Juíz
- D. Jesús Pablo López González
- D. Benjamín López Mato

Non asiste D^a Ana Belén López Álvarez, excusando a súa ausencia.

Asiste o Secretario-Interventor da Corporación, José López González, que da fe do acto.

A continuación procédese a coñecer dos asuntos incluídos na orde do día.

1º. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O 18 DE XULLO DE 2019.

Polo Sr. Alcalde, que preside a sesión, procédese a preguntar aos demais membros da Corporación se teñen algo que obxectar á acta, da sesión ordinaria celebrada polo Pleno o día 18 de xullo de 2019, da que as minutas foron distribuídas coa convocatoria, todo ao abeiro do disposto no art. 91 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Sometése a aprobación da acta, da sesión extraordinaria celebrada polo Pleno o día 18 de xullo de 2019.

O resultado foi de aprobación pola unanimidade dos oito Concelleiros que asisten á sesión (cinco do Grupo Municipal do Partido Popular e tres do Grupo Municipal Socialista) sendo nove o seu número legal de membros.

2º. DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA.

Neste punto da orde do día, procedeuse a dar conta das distintas Resolucións de Alcaldía emitidas dende o derradeiro Pleno, postas a disposición dos concelleiros, xunto coa restante documentación sometida a exame plenario. (Dende o 2019-0169 ao 2019-0213).

O Pleno dase por enterado.



3º. APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE PARADELA E O CONCELLO DE PORTOMARÍN, EN MATERIA DE CONVOCATORIA CONXUNTA DE PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN DUNHA PRAZA DE ARQUITECTO.

Consta no expediente a seguinte proposta de Alcaldía:

Visto o acordo adoptado polo Pleno en sesión ordinaria celebrada o 27 de setembro de 2018 relativo ao CONVENIO INTERADMINISTRATIVO CO CONCELLO DE PORTOMARÍN, A FIN DE COORDINAR A CREACIÓN DA PRAZA DE ARQUITECTO/A MUNICIPAL A TEMPO PARCIAL, EN CADA UN DOS CONCELLOS, que no seu apartado primeiro estableceu:

“PRIMEIRO.- De ser o caso, a sinatura dun convenio de colaboración interadministrativo co Concello de Portomarín, a fin de coordinar a creación da praza de Arquitecto/a municipal a tempo parcial, en cada un dos concellos; e a convocatoria e desenvolvemento, no seu día, do correspondente proceso selectivo para que a persoa que resulte seleccionada desempeñe as funcións e tarefas propias da dita praza e posto no ámbito territorial dos dous concellos”.

Polo Servizo de Recursos Humanos da Deputación Provincial de Lugo, procedeuse á redacción do convenio de colaboración co contido que se contén no presente.

Visto o certificado Plenario do Concello de Portomarín de 9 de agosto de 2019 polo que se aprobou o mencionado Convenio.

Visto o informe de Secretaría-Intervención.

Por parte desta Alcaldía, elévase ao Pleno, a seguinte proposta de ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar a proposta de convenio de colaboración entre o Concello de Paradela e o Concello de Portomarín, en materia de convocatoria conxunta de proceso selectivo para a provisión dunha praza de arquitecto, que a continuación se transcribe:

“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE PARADELA E O CONCELLO DE PORTOMARÍN, EN MATERIA DE CONVOCATORIA CONXUNTA DE PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN DUNHA PRAZA DE ARQUITECTO.

Na Casa do Concello de _____, a _____ de _____ de 2019

REUNIDOS:

Dunha parte, D. José Manuel Mato Díaz, Alcalde- Presidente do Concello de Paradela;

e, doutra, D. Juan Carlos Serrano López, Alcalde- Presidente do Concello de Portomarín,

Actuando os comparecentes en representación das súas respectivas Corporacións e coas facultades que os seus respectivos cargos lle confiren, de mutuo acordo,

MANIFESTAN:

Primeiro: *Conforme ao previsto no artigo 25.2. d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, os concellos de Paradela e Portomarín están a prestar, en orde a satisfacer as necesidades e aspiracións das súas respectivas comunidades veciñais, a competencia sobre ordenación, xestión, execución e disciplina urbanística, para o que precisan de medios humanos especializados.*



Segundo: A cooperación interadministrativa ten soporte no sinalado polo artigo 47 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro do Réxime Xurídico das Administracións Públicas; e no 209 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia, cando se refire a materias relacionadas co emprego público.

Terceiro: Os Concellos de Paradela e de Portomarín precisan contar cun ARQUITECTO/A para xestionar as competencias que, nos termos sinalados pola lexislación estatal e autonómica, lle outorga o artigo 25 da Lei de Bases de Réxime Local en materia de Urbanismo.

En consecuencia, ámbalas dúas partes pactan, conveñen e outorgan o presente convenio, conforme ás seguintes

ESTIPULACIÓNS:

Primeira.- Os Concellos de Paradela e Portomarín, mediante acordos dos seus respectivos órganos competentes darán os pasos necesarios para crear dentro dos seus respectivos cadros de persoal dunha praza de ARQUITECTO/A, a tempo parcial, para a prestación de servizos nas funcións propias da dita profesión.

Segunda.- Os Concellos de Paradela e Portomarín promoverán a realización conxunta do proceso selectivo fin de que a persoa que resulte seleccionada sexa nomeada como persoal funcionario en ambos Concellos, completando deste modo unha dedicación a xornada completa, como resultado da suma da prestación de servizos profesionais en ambos concellos.

A distribución da xornada e horario de prestación de servizos será distribuído conforme ás seguintes condicións:

- Concello de Paradela: os luns, mércores, a razón de 7,5 horas por día.
- Concello de Portomarín: os martes e xoves, a razón de 7,5 horas por día.
- Os venres serán de prestación alterna en ambos concellos.

Terceira.- Os Concellos de Paradela e Portomarín aprobarán unha única convocatoria e unhas bases comúns reguladoras do proceso selectivo, que se desenvolverá polo sistema de Concurso- Oposición Libre. As bases que rexerán esta convocatoria conxunta de proceso selectivo son as que figuran como Anexo I deste Convenio.

Cuarta.- A persoa funcionaria que sexa seleccionada será nomeada como persoal funcionario interino, a tempo parcial, por ambos concellos, cos que adquirirá unha relación de servizo autónoma, con cada un deles, e a tempo parcial; sendo retribuída conforme ao establecido pola normativa de emprego público, consonte ao nivel de clasificación correspondente: Escala de Administración Especial. Subescala Técnica. Técnicos Superiores. Grupo A. Subgrupo A1.

Quinta.- A persoa funcionaria que sexa nomeada, dentro do ámbito das súas encomendas, desenvolverá as seguintes funcións:

En xeral as propias dun Arquitecto/a.

Con carácter específico, as seguintes:

- Redacción de informes e asesoramento en materia de planeamento do concello e a súa execución, debendo facilitar ás persoas interesadas información sobre o réxime e condicións urbanísticas aplicables a un inmovible.



- *Intervención administrativa no uso do solo e edificación (licenzas urbanísticas, ordes de execución, comunicación previa, declaración responsable, etc.)*
- *Informes en materia medioambiental ou normativa sectorial.*
- *Informes en tramitación de expedientes relacionados co patrimonio municipal. Inventario de bens e dereitos, incluíndo deslinde, investigación e recuperación de bens, alleamentos e permutas, danos e perdas, ocupacións, etc.*
- *Informes técnicos en relación coa aprobación de proxectos de obras públicas, expedientes de adxudicación das mesmas e incidencias que poidan xurdir en relación a estas.*
- *Atención ao pública, en materias da súa competencia*
- *Aquelas outras que lle sexan encomendadas, relativas á súa competencia técnica.*

Sexta.- *Este Convenio de Colaboración entrará en vigor no momento da súa sinatura polas dúas partes e as súas disposicións rexerán polo tempo necesario para o desenvolvemento dos trámites para aprobar a convocatoria e as bases do proceso selectivo para a cobertura dunha praza/posto/emprego de ARQUITECTO/A; e a realización do devandito proceso unitario ata o seu total perfeccionamento co nomeamento e a toma de posesión da persoa que resulte seleccionada a tal fin, para ambos concellos; e, en todo caso, por un período máximo de catro anos, podendo durante a súa vixencia facerse extensivo a outros asuntos de igual natureza (xestión de procesos selectivos de persoal); agás que algunha das partes manifeste a súa vontade de denunciálo ou que se conclúa, polos asinantes, que desapareceu o obxecto que deu lugar á súa formalización.*

Sétima.- *A vixilancia, control, seguimento e resolución dos problemas de interpretación, derivados do presente Convenio de Colaboración, estará a cargo dunha Comisión Mixta formada polos asinantes, ou polas persoas en quen deleguen, en representación das Entidades Municipais asinantes.*

En proba de conformidade, subscriben o presente Convenio de Colaboración, en triplicado exemplar, no lugar e data expresados no encabezamento.

*Polo Concello de Paradela,
O ALCALDE,*

*Polo Concello de Portomarín,
O ALCALDE,”*

SEGUNDO.- *Facultar ao Sr. Alcalde para a sinatura e demais trámites aos efectos de levar a cabo a convocatoria e posterior realización do devandito proceso unitario, ata o total perfeccionamento.*

Sen que se produza debate algún, a proposta resulta aprobada pola unanimidade dos oito Concelleiros que asisten á sesión (cinco do Grupo Municipal do Partido Popular e tres do Grupo Municipal Socialista) sendo nove o seu número legal de membros.

4º. APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DE CRÉDITO N.º 15/2019 BAIXO A MODALIDADE DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO E SUPLEMENTO DE CRÉDITO.

Procédese por parte do Sr. Alcalde a dar lectura da seguinte proposta:

En relación co expediente relativo á aprobación de modificación de créditos núm.



15/2019 do orzamento en vigor, primeiro na modalidade de crédito extraordinario e suplemento de crédito, vistos os informes de Secretaría-Intervención emitidos en data 30 de setembro de 2019.

Ao abeiro da Memoria que forma parte do expediente na que se fai constar o seguinte:

Dado que o Concello dispón de remanente líquido de Tesouraría, faise precisa a modificación de créditos núm. 15/2019 do orzamento municipal en vigor, de acordo coa seguinte xustificación:

Primeiro.- Vista a memoria valorada de modificación das instalacións da E.T.A.P. en Ferreira para mellora da eficiencia enerxética e medio ambiental, co fin de mellorar as instalacións mediante a mellora no proceso de lavado do leito filtrante e no sistema de decantación da planta así coma renovar os pequenos equipos da planta desgastados pola súa antigüidade e reducir os custos e facilitar a explotación e mantemento da mesma, cun orzamento ascende a 47.193,63 €, resulta necesario dotar crédito pola citada contía.

Segundo.- Vista a baixa médica do persoal encargado do desbroce das vías municipais, o Concello viuse na necesidade de acudir a unha empresa do sector para a realización dos desbroces sinalados anteriormente por importe de 16.000,00 euros.

Terceiro.- Vistas as necesidades de realizar labores de bacheo en diversas vías municipais por importe de 16.000,00 euros”.

O Alcalde-Presidente, propón ao Pleno da Corporación:

PRIMEIRO.- Que se aprrobe inicialmente o expediente de modificación de créditos núm. 15/2019 do orzamento en vigor, primeiro baixo a modalidade de crédito extraordinario financiado con cargo ao remanente de tesouraría para gastos xerais, por un importe total de 79.193,63 €.

Os importes aplicados aos diferentes destinos, con base no informe de Intervención, son:

Altas en aplicacións de gastos:

Partida		Descrición	Importe Euros
Grupo Programa	Concepto		
161	633	Servizos públicos básicos. Benestar comunitario. Abastecemento de auga. Inversións reais. Inversións de reposición asociada ao funcionamento operativo dos servizos. Maquinaria, instalacións técnicas e utillaxe. “Modificación das instalacións da E.T.A.P. en Ferreira para mellora da eficiencia enerxética e medio ambiental”.	47.193,63 €
453	210	Actuacións de carácter económico. Infraestruturas. Estradas. Gastos correntes en bens e servizos. Reparacións, mantemento e conservación infraestruturas e bens naturais.	16.000,00 €
454	227	Actuacións de carácter económico. Infraestruturas. Camiños . Gastos correntes en bens e servizos. Traballos realizados por outras empresas e profesionais.	16.000,00 €



Financiación

Concepto	Descrición	Importe Euros
870.00	<i>Remanente de tesouraría para gastos xerais</i>	79.193,63

SEGUNDO.- Expor este expediente ao público mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia, por quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

TERCEIRO.- O acordo de aprobación definitiva e o resumo por capítulos da modificación de créditos publicarase no Boletín Oficial da Provincia.

D. Iván Castro Veiga, Concelleiro do Grupo Municipal Socialista sinala a posibilidade de crear unha praza para que por persoal propio do Concello se realicen os desbroces ao dispor da maquinaria e non ter que externalizalo, independentemente da situación acontecida da baixa do persoal que realiza as funcións.

O Sr. Alcalde refírese as dúas prazas que se van a convocar de auxiliar administrativo e para o servizo de augas destacando a importancia e complexidade deste servizo.

A continuación porcédese á votación da proposta que resulta aprobada pola unanimidade dos oito Concelleiros que asisten á sesión (cinco do Grupo Municipal do Partido Popular e tres do Grupo Municipal Socialista) sendo nove o seu número legal de membros.

5º. ROGOS E PREGUNTAS.

Non se presentaron formalmente preguntas nen rogos por escrito, se ben dase a posibilidade de formulalos neste intre.

O voceiro do Grupo Municipal Socialista D. Roberto Díaz Luaces realiza un rogo para que se interceda ante a Xunta de Galicia para que o Concello de Paradela esté incluído dentro dos concellos aos que se lle aplique as medidas extraordinarias para paliar os danos causados polo xabarín, como ocorre noutros 33 concellos onde se poderá cazar todos os días, xa que non ten moito sentido que ningún Concello da Comarca de Sarria estea incluído coa cantidade de accidentes de tráfico e danos nos cultivos que se están a producir.

O Sr. Alcalde di que falará coa Xunta para que nos poidan incluír.

E non habendo máis asuntos que tratar, o Presidente levantou a sesión sendo as trece horas e vinte minutos do tres de outubro de dous mil dezanove, exténdose a presente acta da que coma Secretario-Interventor dou fe.

Visto e prace

O Alcalde

O Secretario-Interventor